



POLÍTICA AMBIENTAL DO CONCELLO DE COVELO



Covelo
Núcleo de
Sostibilidade

O CONCELLO DE COVELO (en diante CONCELLO), no seu desexo de promover un desenvolvemento respectuoso e adecuado co medio, adoptou a presente Política Ambiental que establece os criterios básicos de actuación nos cales se fundamenta o seu sistema de xestión e que se asenta en sete Principios Fundamentais:

- O CONCELLO adquire o compromiso do estrito cumprimento da lexislación e regulamentación que sexa aplicable ás súas actividades e áreas, así como daqueles requisitos que esta subscriba voluntariamente. Así mesmo, adquire o compromiso do avance continuo do comportamento ambiental e da eficacia do Sistema de Xestión Ambiental implantado.
- As características das actividades desenvolvidas no CONCELLO esixen prestar atención e coidado especial á formación para que cada unha das persoas que a integran poida cumprir o permanente compromiso de avance continuo e prevención da contaminación.
- Todos os membros do CONCELLO teñen que asumir a responsabilidade sobre as súas tarefas segundo o nivel que corresponda.
- Manter o máximo nivel de eficacia, para iso precisa sistematizar as actividades do Servizo. Os Procedementos e Instrucións Técnicas do Sistema de Xestión Ambiental documentan estas actividades evitando improvisacións e reducindo o impacto dos aspectos ambientais.
- O CONCELLO comprométese coa prevención, redución e/ou eliminación dos diversos tipos de contaminación ambiental no marco dun avance continuo do comportamento ambiental e en función das súas posibilidades reais. Así mesmo, potenciará a utilización sostible dos recursos naturais, fomentando o uso eficiente da enerxía e reducindo, dentro do posible, o uso de materiais.
- Establecer canles de comunicación, tanto internas como externas, que permitan dar resposta ás demandas de información relativas á xestión ambiental do CONCELLO de todas as partes interesadas.
- O persoal desempeña un papel fundamental, sendo o responsable último de que cumprir cos valores e principios da política ambiental.

Para dar cumprimento aos compromisos establecidos dentro desta Política Ambiental, o CONCELLO, establecerá e revisará anualmente obxectivos específicos de actuación e aplicará os principios e prácticas de Xestión Ambiental de acordo co establecido dentro do Sistema Comunitario de xestión e auditoría ambiental (EMAS), baseado no Regulamento (CE) nº 761/2001.

Así mesmo, a Política Ambiental atópase a disposición de toda persoa ou entidade que o solicite.

